

Concerto
da Banda
Sinfónica
da Escola
Municipal
de Música

14 DECEMBRO DE 2013

AUDITORIO MUNICIPAL
GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ



Concello de Oleiros
Concellería de Ensino e Xuventude

Programa Concerto de Nadal

14/12/2013
ás 18:00h

■ PREBANDA 1

March along
Jacob de Haan

Beetle blues
Jacob de Haan

■ PREBANDA 2

Mood romantic
Johan Nijs

Piratas del caribe
Klaus Badelt

■ BANDA

Laura 94
Ramón García i Soler

**Ángels in the
architecture**
Frank Ticheli

La marchenera
Federico Moreno Torroba

West Side Story
Leonard Bernstein

Director: Alberto Piñeiro Leiva

Laura 94

Pasodobre de diana, composto polo mestre Ramón García i Soler, en honra á raíña das festas patronais do ano 1994 de Atzeneta de Albaida (Alicante).

A comarca do Val de Albaida é unha zona con moita tradición bandística e onde ten grande apego a festa de Mouros e Cristiáns.

Ángels in the architecture

Composta por Frank Ticheli, "Angels in the architecture" (anxos na arquitectura) foi un encargo da Kingsway International (Londres), e estreouse na Ópera de Sidnei en xullo de 2008, por unha masiva banda composta por músicos novos de Australia e os Estados Unidos, dirixidos por Mathew George.

O título da obra está inspirado en elementos arquitectónicos da Casa da Ópera de Sidnei, tal como os seus ornamentos acústicos en forma de auréola que colgan directamente sobre o impresionante escenario así coma doutros, xa que estamos a falar dun dos edificios máis famosos e distintivos do século XX, e declarado Patrimonio da Humanidade.

A obra desenvólvese coma un conflito dramático entre os dous extremos da existencia humana, por un lado a divina (representada pola luz) e polo outro, o mal (representado pola escuridade).

A alternancia destas forzas opostas, crea a forma musical desta obra, unha especie de cinco partes en forma rondó (luz - escuridade - luz - escuridade - luz).

La marchenera.

Preludio do terceiro acto.

"La marchenera" é unha zarzuela en tres actos, con libreto de Ricardo González e Fernando Luque e música do mestre Federico Moreno Torroba, estreada no teatro da Zarzuela de Madrid o 7 de abril de 1928.

A obra ten un enredado argumento no que Paloma (protexida do Conde de Hinojares) é primeiro calumniada por Don Félix (un Don Juan madrileño) que interpreta mal a relación de Paloma co seu protector o Conde, aínda que finalmente Don Félix remata casándose con Paloma, non sen antes ter aventuras amorosas con Valentina, filla do Conde.

West Side Story

"West Side Story", tamén coñecida como "Amor sen barreiras" é a famosa comedia musical estreada en Broadway, Nova York en 1957, con música de Leonard Bernstein e letras de Stephen Sondheim.

O musical é unha adaptación moderna da obra de Shakespeare, Romeo e Julieta. Ambientada nos barrios marxinais do West Side de Nova York, os Montesco e Capuleto non son agora familias, senón dúas bandas da rúa enfrontadas que disputan o seu dominio, por un lado os Shark de orixe portorriqueña, perseguidos polos Jet, de clase baixa branca e ascendencia europea.

As dúas partes enfrontadas interpoñen na relación dos namorados, nunha trama que transcorre entre ritmos latinos, jazz e pop.